



CONVENIO CON ENDESA REFORMA DA CENTRAL TÉRMICA

Dende hai un tempo, en diferentes medios de comunicación, o Alcalde de As Pontes vén anunciando e informando sobre un futuro convenio con Endesa; sen coñecer aínda a letra pequena, toda a información que aporta refírese á cesión de terreos e edificios, mais nunca fala dun compromiso da empresa de acometer os investimentos precisos para adaptarse á Directiva de Emisións Industriais.

Lembremos que esta Directiva é de obrigado cumprimento e a súa realización suporía garantir o futuro da térmica, mais tamén, a creación de centos de postos de traballo na súa reforma (postos de traballo que precisamos con urxencia e agora).

O silencio do Alcalde sobre este tema contrasta co realizado por anteriores corporacións (de diferente cor política), que asinaban convenios nos que Endesa comprometíase a actuacións na central; estámonos a referir aos convenios dos anos 1993, 1997 e ao do 2001 que mantivo a vixencia até decembro de 2009.

TELÉFONOS MÓBILES DO CONCELLO

Ante as noticias de que hai algunha persoa que, sen manter relación laboral nin política co Concello –polo menos até as próximas eleccións municipais-, usa un teléfono móbil pagado polo Concello, o Grupo Municipal do BNG vén de solicitar información detallada dos teléfonos móbiles que paga o Concello, que persoa o ten asignado e porque, e o gasto individualizado do último ano de cada teléfono móbil.

ACCIDENTE DE TRÁFICO E CARGO PÚBLICO

As Pontes e Madrid deben ser o únicos lugares onde hai un accidente de tráfico, con cargos públicos implicados e, a pesares da presenza da policía local, non se realiza a proba de alcoholemia. Será porque os cargos públicos do PSOE local aseméllanse a Esperanza Aguirre. En tanto se parece este PSOE ao PP?

ALUMEADO SEN LUMINARIAS

O Concello pon alumeado público en Aparral sen luminarias.

Vai para dous anos e ninguén dos 12 concelleiros, 3 con dedicacións exclusivas e outra máis dunha persoa de confianza, caeron na conta.



--oo0oo--

Se queres recibir o Voceiro do BNG no teu correo electrónico, envíanos a túa solicitude a: **aspontes@bng-galiza.org**